

# Apuntamentos históricos sobre a parroquia de Santa María da Pedra, pertencente ó antigo Arciprestado de Arrós

## AS ORIXES DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DA PEDRA

### ***13 de xaneiro do ano 932. Aparecen os primeiros datos escritos***

Temos que remontarnos ó século X para atopar o documento mais antigo que nos relaciona a existencia da parroquia de Santa María da Pedra<sup>1</sup>.

Estoume a referir a un pergamiño que forma parte do Tombo de Celanova, o cal constitúe a primeira referencia escrita sobre dunha parroquia pertencente o *commiso* de Ortigueira, chamada Santa María da Pedra.

Ó comezo deste valioso conxunto documental pódese ler “*Tumbo y becerro antiguo de Privilegios y donaciones hechas al Monasterio de San Salvador de Celanova, por los reyes de León, Galicia y Castilla, Duques, Condes, Marqueses y otros caballeros particulares deste Reyno y fuera del, de muchos lugares, y otros bienes contenidos en ellos...*”; no seo desta colección recóllese o pergamiño citado.

A referencia escrita sitúase no século X, concretamente o día 13 de xaneiro do ano 932; nela cóntasenos que unha benefactora do nome Segesinda, coñecida tamén como Sendina, lle doa ó bispo Rosendo unha parte da vila Bulinio en Ortigueira, tanto da igrexa como da vila, tal e

<sup>1</sup> Libro do Tombo de Celanova, que se custodia no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, na sección de Códices (986B). Editado polo Consello da Cultura Galega no ano 1994 . Autor D. José María Andrade.

como a recibira do seu marido e da súa propia filla. Resulta que é a primeira padroeira deste beneficio curado, e que por razóns que descoñecemos, cede e traspasa este dereito ó citado bispo Rosendo, que como xa resulta coñecido, é fillo do poderoso conde Gutier Menéndez e de Ilduara, que á súa vez eran tíos do Rei Alfonso IV. Este monarca cedéralles uns anos antes o *commissio*<sup>2</sup> de Ortigueira.

Analizando o citado documento<sup>3</sup> chegamos á conclusión de que a vila Bulinio que pertence a unha freguesía que está baixo a advocación da Virxe María “*iuxta ecclesiae vocabulum Sancta María semper virginis*” e que se atopa “*per terminos certos de rivulo Ortiguaria, usque in terminos de carinio*“, é a de Santa María da Pedra.

Como vemos no documento, trátase dunha vila rural ó uso da época, que se sitúa na actual parroquia dese nome, e que polo tanto xa estaba fundada baixo mesma advocación que conserva na actualidade.

No século X este territorio onde se atopaba a vila de Bulimio formaba parte do arciprestado de Arrós, que estaba comprendido na diocese de Iria. O nome de Arrós<sup>4</sup> conservaríase ata o século XII; a partir desa época pasará a denominarse arciprestado de Ortigueira, época na que pasará a depender da diocese de Mondoñedo, nos tempos de Xelmírez, e do bispo D. Munio, por mor dun arranxo interesado entre as partes.

Resulta, polo tanto, unha das primeiras fundacións parroquiais das que temos noticia na terra de Ortigueira. O nome de Cariño, xunto co río que atravesa o barrio da Ortigueira, son os dous referentes xeográficos que nos serven para situar a citada freguesía de Santa María, que ademais conserva a mesma advocación na actualidade.

Á hora de reflexionar sobre deste feito, vemos como xa no século X alguén, sen nome coñecido, elixiu este lugar para construír un santuario,

2 No ano 929, o rei Alfonso IV, fillo do rei Ordoño e de D<sup>a</sup> Elvira, outorgalle ó conde Gutier Menéndez e á súa dona Ilduara, todo o poder nos *commissos* de: Quiroga, Cartelión, a metade de Lor, e os de Saviñao, Loseiro, e Ortigueira. “Ilduara, una Aristócrata del Siglo X”. Publicación do Seminario de Estudios Galegos 1988. Aut.: María del Carmen Pallarés Méndez. Páx 109. not. 274.

3 N<sup>o</sup> 501, páx. 693 da O.c.

4 Recordemos que neste antigo territorio puido existir unha ceca en tempos do rei visigodo Viterico, que sabemos reinou entre os anos 603 e 609, segundo se desprende do achado dunha moeda do citado monarca, no reverso da cal aparece a lenda: +SVS ARROS PIO; e no anverso: +VITIRICOS R. (Catalogada por Heiss co N<sup>o</sup> 22 – V.R. Cuadras, páx. 169. Monedas Acuñadas en La Suecia Española. De D. Pío Beltrán. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense. Tomo V n<sup>o</sup> 104-106, dos anos 1915-16.

igreja ou ermida, que lle rendese culto á Virxe María . O lugar elixido goza dunha situación de privilexio, fronte do mar bravo do Ortegal, na aba do monte da Serra da Capelada.

Seguramente non se equivocaron na elección, xa que a zona elixida aportaba garantías dabondo para espallar por estas terras a doutrina de Cristo, axudando tamén na repoboación do territorio, e comunicando a nova do achado duns restos en Compostela que, desde os tempos do Rei Alfonso II, se atribuíron o apóstolo Santiago. Este lugar pertencente ó territorio de Ortigueira, atopábase cara ó Noroeste nos confíns da diócese de Iria, e polo tanto estaba baixo o influxo da igrexa de Compostela. Non é de estrañar que aproveitasen tamén as circunstancias naturais que ofrecía o porto de Cariño, un lugar de abrigo ben situado na rota marítima que servía a uns fins concretos, tanto desde o punto de vista mercantil, como do relixioso, a pesar dos perigos que supoñían, naquela época, tanto as incursións normandas, como as sarracenas.

Chegado a este punto, convén salientar que a proximidade desta parroquia ó cabo Ortegal aportáballe un notable interese estratéxico, xa que é indubidable a importancia milenaria que representaba o cabo Ortegal, coñecido polos romanos cos nomes de Trileuco, e o de Lapatiancorum, e dicir o promontorio dos Lapatiancos.

Este cabo, xunto co de Vares, eran verdadeiros referentes da navegación primitiva, coñecidos e destacados desde a época da dominación romana, onde foron tomados como marcas xeográficas que limitaban o Setentrión hispano, na rota cara as illas Casitérides. Por esta causa é máis que probable que varios séculos máis tarde, moitos navegantes aproveitasen as condicións naturais que lles daba este porto para abrigo dos temporais, ou realizar desembarcos, e así comerciar cos naturais da zona, aproveitando para visitar os lugares sagrados, que posteriormente se converterían en rotas de peregrinaxe, como será o caso de San Xiao do Trebo, e de San Andrés de Teixido.

O que aconteceu no primeiro milenio da nosa Era, e sobre todo nos chamados séculos escuros, non está de todo ó alcance do noso coñecemento, pero, neste caso queda debidamente matizado, gracias ós vestixios arqueolóxicos atopados ó longo do século XX no porto de Vares onde si se ten constancia da existencia dun importante asentamento romano, é máis recentemente no peirao do Porto de Cariño e nas proximidades da ermida de San Xiao do Trebo, onde despois de realizadas unhas escavacións, quedaron ó descuberto os restos dunha vila romana do século III. Existen tamén varios obxectos, que están nas mans de particulares, que se atoparon nunhas obras realizadas no peirao de Cariño, e

na praia da Basteira, son: un puñal de antenas, unha machada votiva de bronce, e un as romano, moeda que parece foi acuñada na ceca de Osuna (Urso Nova) que ten uns 2000 anos de antigüidade, na cal se aprecia a figura dun touro no seu reverso, e a lenda: II VIR.IER AI. Q. URSO, e no anverso aparece o busto do Cesar.

Emporiso, podemos asegurar e destacar as orixes históricas dalgúns asentamentos deste territorio, que por causas que descoñecemos, permaneceron aletargados durante catro ou cinco séculos, ata que, como vimos, cobraron de novo importancia a partir do século X, onde aparece en escena a familia e os descendentes de Gutier Menéndez e de Ilduara Eiriz, tronco da poderosa casa Froilaz-Traba.

Recordemos, por exemplo, que Rodrigo Froilaz, un dos seus descendentes, tiña a responsabilidade da defensa e custodia destas costas, apenas dous séculos máis tarde, ou que varios membros destacados desta familia posuían diversos bens na terra de Ortigueira, entre os que destacaban algúns mosteiros, como era o caso de San Paio dos Freires, que pasara ó matrimonio formado por Paio Menéndez e D<sup>a</sup> Munia Froilaz, do que tamén tiña unha parte D. Suero Menéndez, o que nos leva a pensar que as propiedades que tiñan na terra de Ortigueira proviñan directamente dos seus antepasados, chámeselles avós ou bisavós, como foran Froila Bermúdez, Bermudo Froilaz, Froila Rodríguez, Rodrigo Froilaz, e así ata chegar a Gutier Menéndez e a Ilduara Eiriz, pais de Froila Gutiérrez, San Rosendo, Munio Gutiérrez, D<sup>a</sup> Hermesenda, e D<sup>a</sup> Adosinda, personaxes todos eles de gran calado na historia de Galicia.

### ***San Estevo de Sismundi en tempos do Rei Alfonso VI***

Unha boa mostra da importancia estratéxica desta zona polo que cobra de novo interese no reinado do rei Afonso VI, é o feito de que o Conde Rodrigo Ovéquez se levante en armas pretendendo apoderarse de gran parte do territorio de Galicia. O rei, que naquel momento se atopaba en Zaragoza, decide acudir persoalmente a sofocar a rebelión. O rebelde Ovéquez, acurrallado, refuxiase no castro fortificado que se atopa na parroquia de Santo Estevo de Sismundi<sup>5</sup>, limítrofe ca de Santa María da Pedra.

*5 Eu Alfonso, fillo do rei Fernando e da raíña Sancha (continúa) ..e de todo los habitantes da provincia galega que clase de persoa é o conde Rodrigo, a quen eu alimentara como a un fillo e enriquecera con honor e cargo. Rebelouse cunha conxura, feita coaxuda de súa nai e de outros satélites, en contra miña, e ergueuse como traidor do reino e da miña vida. Invadiu a miña cidade de Lugo, entrando furtivamente matando en primeiro*

Entre os castelos ós que se fai mención no documento, pode que se atope o do Casón, situado nun impresionante penedo da serra da Capelada, pertencente á parroquia de Santo Adrao de Veiga, que segundo determinaron as escavacións realizadas, conservan restos altomedievais. Ademais deste, existía tamén un pequeno fortín no monte da Miranda, do cal se atopan diversas referencias en épocas posteriores.

Probas que nos permiten sinalar, unha vez mais, o coñecemento deste territorio e a ocupación e aproveitamento do mesmo, ó ser un punto de vixilancia costeira do litoral galego que cubría varias millas de distancia.

### **SANTA MARÍA DA PEDRA NOS SECULOS XII E XIII. A CASA DE ALFEIRÁN. CERVOS, AGUILLÓNS E ORTIGAS, UNHA INTERESANTE REFERENCIA HERÁLDICA**


Continuando á procura de datos escritos que nos falen deste territorio, e concretamente da parroquia motivo do presente traballo, teremos que camiñar no tempo para atopar outro documento no que figure o nome da parroquia de Santa María da Pedra. Trátase nesta ocasión do Libro do Tombo de San Xoan de Caaveiro, onde se achega un documento, que se sitúa nunha data descoñecida de finais do século XII, e que nos volve a falar de Santa María da Pedra<sup>6</sup>.

Un benfeitor do mosteiro de S. Xoán de Caaveiro, e, ademais padroiro da parroquia motivo de estudio, chamado Rodrigo Fernández Alfeirán, fai doazón das propiedades que ten na terra de Ortigueira; entre as que se atopa unha porción da presentación do padroado de Santa María da Pedra, tanto eclesiástica como leiga:

*lugar a un soldado seu e o maioral da miña terra, de nome Ordoño, despois invade os meus castelos e parte de Galicia. Despois , revolvéndose con mentira e xuramento cae na mesma trampa que urdira (na fosa que cavara). E co auxilio de Deus, ese conde e os seus seguidores, convictos e confesos, foron expulsados por min ó desterro, na cidade de Zaragoza. Alí, engadindo tamén delicto sobre delicto e engadindo mentira sobre da conxura arrebatou furtivamente e por segunda vez a provincia de Galicia e intentan saqueala con saña, reuníndose no castro de San Estevo de Ortigueira que está situado á beira do mar. Porque eu estaba loitando cos sarracenos. Oindo esta contradicción e xuramento cheguei por segunda vez e liberei os castelos e a provincia de Galicia, librándoa da man dos inimigos.* España Sagrada. T. XL, apéndice XXIX, páxs.. 422-425. P. Flórez. (Traducido do orixinal).

<sup>6</sup> Historia de Ortigueira, pág 126. Edt. Vía Láctea.

*In totam terram de urtigaria, videlicet, mea porcione de Sancta Maria de Petra, tam eclesiástica quam laycalia, et mea porcione integra de Sancto Adria-no, et mea porcione integra de monasterio de Mera de Sursum, et mea porcione integra de Sanctio Claudio, et mea porcione integra de miudelos, et mea porcione integra de Sancto Juliano de Senra, et mea porcione integra de Sancto Jobane de Monasterio, et mea porcione integra de Quozadoyro, et mea porcione integra de Celtigos, et mea porcione integra de luama et de Quintana et de Loia. Omnes istas hereditates eclesiasticas et Laycalias mando et offero et concedo ad monasterium de Sancti Johani de Calavario...(Continua)<sup>7</sup>.*



Armas dos Alfeirán. O cervo, as ortigas, e os aguillóns. Lugar de Xabariz-Galdo

Pero, como se verá, teremos que agardar ata o século XVII para atopar algún tipo de relación entre o apelido Alfeirán e Ortigueira<sup>8</sup>.

No ano 1261 aparece de novo o nome de Santa María de Pedra, trátase dun documento<sup>9</sup> de renuncia de diversos bens na xurisdicción de Cedeira en favor do abade Menendo e do Mosteiro de Oseira. A renuncia fana varios individuos, entre os que se cita a Pai Pérez, clérigo de santa María de Pedra

7 Revista Cátedra. Pontedeume. T IV. Doc.. 239, páxs.. 319-320. Autores: S. J. Ignacio Fdez, M. Teresa Glez, e J. Carlos de Pablos.

8 Será o Capitán Matheo Sánchez Pardo de Lama (fillo de Alberto de Lago e de Isabel Fernández de Villar, e neto por liña materna de Iseu Fernández e de Rodrigo de Celeiro, donos estes últimos da casa de Barreiros, como se verá máis adiante) quen na súa casa de San Claudio, onde morreu no ano 1653, nos deixara escrito un libro a modo de nobiliario dos seus antepasados, nel fálanos, entre outras, da casa de Vaamonde que tiñan sepultura na Pedra, e da de Alfeirán:  
*“La casa de Alfeirán pinta un ciervo con seis o siete puntas en cada cuerno de la cabeza y metido entre unos aguixones y matas de ortigas”.*

9 Estudios Mindonienses. Nº 6. 1990. propiedades del Monasterio de Oseira. Miguel Romaní Martínez. 14 (CD, nº 884) pág. 699.

Resulta que estes documentos son os primeiros que lle dan o nome da Pedra a parroquia de Santa María; seguramente en alusión directa á vella imaxe de pedra que representaba á virxe, e que foi substituída por outra no século XVI.

### **SÉCULOS XIV E XV. AS MEDRAS DO ASENTAMENTO PARROQUIAL. CONTRIBUCIÓN Á GERRA DE GRANADA**

Os poucos datos que temos da Pedra no século XIV son os que nos achega o libro do Tombo do Convento de San Domingos de Santa Marta, concretamente os que nos falan dos muíños do río da Ortigueira e do de Cima do Río que foron doados a esta comunidade polo cabaleiro Pedro Galván no ano 1374.

*“e mays o meu moyño do río dortigueira que y feso meu padre, e o meu quiñón doutro moyño de cima do rrio dortigueira”<sup>10</sup>*

Estas propiedades están nun lugar próximo ó da doazón do ano 929, e volve figurar o nome do río do lugar, ou barrio da Ortigueira, que non se debe confundir co do asentamento da vila de Santa Marta de Ortigueira, que está na marxe oriental da ría. Todo parece indicar que a vila de Santa Marta de Ortigueira fundouna o rei Alfonso IX, onde mandou construír unha fortaleza.

Ben andado o século XV, preséntasenos a unha parroquia próspera, onde xa se cultivaba viño, pan, e outros moitos froitos. A parroquia medraba e os seus lugares aparecen cada vez máis poboados. A encomenda de Portomarín, da que dependía o priorado de Régoa e o santuario de San Andrés de Teixido, exercía o control do territorio ata chegar a San Xiao do Trebo, e os lugares de Vacariza, moi próximos ó Porto de Cariño.

Poida que naquela época os romeiros que viñan por mar, iniciaran a rota de peregrinaxe no porto de Cariño, onde existía a ermida de San Bartolomé. Desde alí subían ata o lugar do Trebo, onde se veneraba a imaxe de San Xiao que, como sabemos, é un santo moi vinculado as rotas de peregrinación. Continuaban despois a viaxe ata o santuario de

<sup>10</sup> Libro do Tombo de Sto. Domingo de Ortigueira. (Sin. Antiga L- 39). Arquivo do Reino de Galicia.

San Andrés de Teixido, desde onde se dirixían ata Santiago de Compostela; facendo así un tramo da rota do Norte que desde o Ortegal, se dirixía a Santiago de Compostela. Cabe recordar que nas terras da xurisdicción de Cedeira posuían diversas propiedades, tanto o Mosteiro de Oseira, como os cabaleiros Hospitalarios de San Xoán de Xerusalén<sup>11</sup>, mantendo unha rota que comunicaba estas terras co camiño Real que se dirixía a León e Castela. Bo exemplo do interese que tiña esta orde relixiosa na citada rota dánola a existencia do Hospital de San Xoán da vila das Pontes de García Rodríguez, da cal temos constancia por escrito no século XVI<sup>12</sup>.

Continuando coas referencias escritas sobre desta parroquia, volvamos ó libro do Tombo do Convento Dominicó de Ortigueira. Nel faise mención ós casares de Vila e o de Abosende. Trátase dunha doazón que recibe os dominicos de Santa Marta de man doutra benfeitora chamada María Faloa e do seu fillo Pedro González feita a doce de abril no ano 1390: *“todos eses dous casares que están ena fra. de Sta. María da Pedra termo desta dita villa hun de ellos en abosende en que mora Ruy perez, e outro en Vila en que mora fernan perez de vila...”*

No século XV o convento de San Domingos de Ortigueira amplía o seu patrimonio na Pedra, e os poucos datos que temos desta parroquia son os que aparecen no libro do tomo desta comunidade, concretamente os dos lugares e Muíño da Ortigueira, o do Piñeiro en Figueiroa, e o de Campo de Monte, que deixou a esta comunidade dominica no ano 1479, unha benfeitora chamada Constanza López. Estas propiedades pasarían á casa de Andrade no ano 1491, o mesmo que os de Fontao, e o de Vila, e o de Cariño de Riba.

Chegamos ós últimos anos do século XV, onde nos atopamos cunha parroquia desenvolvida que, xunto co resto das que compoñen a Xurisdicción de Ortigueira, ten que facer un desembolso para os gastos que ocasiona á guerra de Granada<sup>13</sup>.

A contribución realizase en función da riqueza dos seus veciños, e da súa igrexa, sendo a segunda despois da de Santa María de San Clodio; aporta un total de 14.000 marabedís. Naquel momento o número de parroquias que formaban o Concello de Ortigueira é de 25, pertencendo

11 Usero González, Rafael. El Santuario de San Andrés de Teixido. Edit. Fundación Villabrilie.

12 Doc. soltos dos escibáns das Pontes de García Rguez. En máns de particulares. Pendentes de publicar polo autor do presente traballo.

13 Arquivo Catedralicio de Mondoñedo. Dato aportado por D. Enrique Cal Pardo.



ó Conde de Santa Marta, quen xa ostentaba o señorío. No ano 1442 o Rei Xoán II concederalle a Diego Pérez Sarmiento a dignidade nobiliaria do Condado de Santa Marta de Ortigueira.

### A IGREXA DA PEDRA NOS SÉCULOS XVI E XVIII

***Aparece a primeira referencia da Capela de San Miguel, incluída na parroquia, así como da ermida de San Bartolomé no Porto de Cariño***



Capela de San Miguel.  
Igrexa de St<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> da Pedra

Se ben non dispoñemos de moitos datos que nos falen do conxunto, si temos algúns que nos orientan sobre a constitución do templo parroquial, e das capelas que acolle no seu interior.

A finais do século XVI, atopámonos que no Libro I de Defuntos<sup>14</sup> desta parroquia, aparece citada por primeira vez, a capela de San Miguel. Trátase dunha única referencia sobre deste caso, escrita polo crego Antonio López, concretamente no ano 1597.

Esta Capela é a que describe D. Julio Dávila<sup>15</sup> facendo ver a súa importancia é antigüedad:

*“La iglesia parroquial es amplia y su planta de forma de cruz latina. La capilla de la derecha, llamada de la Concepción es de relativo mérito por su antigüedad, con un arco ojival. La de la izquierda, también antigua, estilo románico, conocida por San Miguel, es de mayores dimensiones”.*

Mágoa que non se conserve na súa totalidade esta construción xa que as obras que se realizaron nos séculos XIX e XX, non respectaron

<sup>14</sup> Arquivo Diocesano de Mondoñedo.

<sup>15</sup> Geografía Descriptiva de la Comarca del Ortegal. La Coruña 1931.D. Julio Davila. Paz 134.

nin a estrutura nis os materiais orixinais. A pesar diso, D. Julio Dávila tipificouna dentro do estilo románico. El tivo a sorte de vela antes de levar a cabo as reformas que se efectuaron ó longo do século XX, pero non obstante, á vista dunha serie de adornos que se conservan, parecen máis ben restos góticos que románicos, segundo o manifesta D. Rafael Usero González, profesor de Historia do Instituto de Cedeira e Cronista Oficial da Vila e Terra de Cedeira.

### ***A Ermida de San Bartolomé no Porto de Cariño***

Un dos primeiros datos que achegamos sobre da ermida de San Bartolomé, é o dunha celebración sacramental que se levou a cabo o día 21 de outubro do ano 1599, o matrimonio entre: Gabriel Vidal e María da Riba.

Como vemos, á parte da parroquia, tamén se celebraban matrimonios neste pequeno santuario, que era un lugar de culto de incuestionable valor para os veciños da aldea e do porto de Cariño. Tamén servía o seu entorno para celebrar algúns días de feira, e ós romeiros acudían a pé ou ben o facían por barco. De cando en vez atopámonos con noticias sobre este pequeno santuario, e será nos libros sacramentais da parroquia onde o crego asenta algunha que outra partida onde se cita esta ermida situada ó carón da praia. No século XX desaparecerá totalmente, e o seu lugar ocuparao o pósito dos pescadores.

### ***Descrición dos altares da Igrexa Parroquial a comezo do século XVII***

Pero ademais das fundacións particulares, ás que lles dedicamos un capítulo especial, tamén contamos con algunha información sobre dos altares que había na igrexa parroquial; estes datos aparecen no testamento<sup>16</sup> de Isabel Fernández de Villar, muller de Alberto de Lago, feito no ano 1620. Por esta información sabemos que contaba, cando menos, que eran o Maior, o da Capela de San Miguel, O do Crucifixo, e o de Nosa Señora do Rosario:

<sup>16</sup> Prot. do escribano Andrés Fdez Cortés do ano 1620, fol 2 r. Arquivo Notarial da Coruña. Sec. Protoc. Not. de Ortigueira.

*“Iten mando a la hermita del señor San Barmé. en este puerto de Cariño una alba de lienzo para ella.*

*Iten mando para el altar mayor de la iglesia de santa maria da pedra una sabana de lienzo con espiellas de ylo cardeo que esta en mi arca = y al altar del crucifixo de la dba. iglesia unos manteles angostos de lienzo y al altar de nuestra señora del Rosario unos manteles alamaniscos de los buenos que tubiere = y al altar de san miguel de la dba. iglesia una sabana de lienzo de espiellas que esta en mi arca...”* (continúa)

### **Visita do Sr. bispo no ano 1670**

Continuando coa búsqueda de novas sobre desta antiga fregesía, vemos que no Libro I de Fábrica desta parroquia<sup>17</sup> o crego, que á sazón era D. Diego Ares de Montenegro, deixou escrito da súa man algúns datos que nos dan unha idea bastante acertada sobre a distribución interior da igrexa parroquial, así como das capelas colaterais. Trátase da descrición detallada sobre da visita que cursa o bispo de Mondoñedo D. Luís Tello de Olivares, no mes de xullo do ano 1670.



Detalle dos adornos no arco da Capela de San Miguel. Igrexa de St<sup>a</sup> M<sup>a</sup> da Pedra

Despois de visitar a igrexa parroquial, e de comprobar que os libros sacramentais estaban en orde, manda que se tome asiento dos datos que son propios do beneficio curado. As preguntas ás que ten que contestar o cura son as seguintes: se hai patróns, que froitos ten a parroquia, os bens da cura e da fábrica da igrexa; o que se paga de loitosa, e por dereitos de sepultura, os ornatos da igrexa, as confrarías, as ermidas, e outros moitos que, para máis entendemento, transcríbense a continuación:

17 Arquivo Municipal de Ortigueira.

(Extracto do libro de fábrica)

*Cura*

*Allo su Señoría Ilma. Por Cura en dho. beneficio al Licenciado Diego Ares de Montenegro que le dio la visita y hizo el recibimiento acostumbrado.*

*Beneficio y Patronazgo*

*Allo su señoría Ilma que los frutos de dho beneficio la tercia parte y un dezmero que es una con cura y lo demas sin ella...(continúa)*

*Frutos*

*Patronazgo*

*Otro si dixeron que el dho. beneficio tenia parte con cura y lo demás sin ella (refírese á cura de almas) todo enteramente es de presentar de patronos legos en ocho ofrendas de las que se pagan por los feligreses de dho. beneficio al día de difuntos de cada año: La una que toca a los descendientes de P<sup>o</sup>. Martínez de Pumariño = Las tres y media a los herederos de Paulo Fernández que lleva Don Lorenzo de Moscoso vz. de Cozadoiro. La otra de la voz de os Concheiros, media de la voz de vermunes. La otra la voz de Santiagos y Quizas. Y la otra de la voz de los Miudelos que hacen dhas. Ocho ofrendas y esto lo saven por aver lo visto ser y pasar y ser muy publico y notorio, publica voz y fama y comun opinión y aver lo oido a sus padres y abuelos y a otras personas ancianas = y no saben que dho. cura pague cosa alguna por razón de patronazgo de dho. beneficio=*

*Bienes de la Cura*

(Faise un detallado inventario dos mesmos, comenzando pola casa rectoral)

*Primeramente una casa que esta junto a la iglesia con su quarto alto y vajo y bodega y caballeriza corral ayra y huerta donde vive dho. cura.*

*Bienes de la fabrica*

(Continua cunha ampla descripción de propiedades). Cítase a fonte de Santa María.

*Mas otra heredad pequeña que está junto a la Fuente de Santa María y llevará de sembradura un ferrado de pan y testa en heredad de Santo Domingo.*

*Luctuosa y Sepulturas*

**A CAPELA MAIOR E A DO SANTO CRISTO**

*Otro sí dijeron que en dba. Felegresía no se paga luctuosa ninguna ni nunca se pagó =*

*Otro sí dijeron que los que se mueren en dba. fra. y se mandan enterrar en la capilla mayor pagan a la fábrica catorce Rs. Y los que se mandan enterrar junto a la grada donde se viene a la ofrenda, ocho Rs..*

*Y los que se mandan enterrar en la Capilla del Santo Cristo pagan en la primera bilera, ocho Rs. Y en las demas de la dba. Capilla y de la dba. Iglesia asta el palo que divide las mugeres a seis Reales.*

*Y de alli arriba a quatro: y los niños a dos Reales.*

*Petitorio y Candelas (Continua)*

*Vecinos*

*Otro sí dijeron que ay en dba. Parroquia y su puerto, ciento y treinta vecinos, con biudas y pobres.*

*Ornatos de la Yglesia*

*Cuatro aras en los altares*

*Otro sí dijeron que en dba. Iglesia ay los ornatos siguientes =*

*Una cruz de plata grande con su manga de damasco colorado y fleco de seda verde usada.*

*Tres calizes de plata con sus patenas y tafetanes con que se cubren.*

*Un relicario de plata con sus vidrieras para las procesiones del Ssmo. Sacramento cubierto con un tafetán viejo =*

*(Continua co inventario das vestimentas e outros datos singulares)*

*Una campanilla pequeña para ayudar a las misas y otra grande en el campanario.*

*Cofradías*

*Otro sí dijeron que en dba. Iglesia ay quatro cofradías: La una del Ssmo.. Sacramento, la otra de Nuestra Señora del Rosario = La otra del Señor San Roque. Y la otra de las animas; cada una de por sí.*

*Hermitas*

*“NUESTRA SEÑORA DE LA PIEDRA Y SAN BARTOLAME”*

*Otro sí dijeron que en dba. Felegresía ay dos hermitas. La una de la advocación de Nuestra Señora de La Piedra junto a la dba. Parroquia y son patronos de entranvas los feligreses y esta dezente y no tiene*

*renta ninguna = Y la otra de la advocación de San Bartolame y esta en el puerto de Cariño y tiene todos sus ornamentos y caliz... y mantiene en dos corrales asta ocho cabezas de ganado....*

*Prestamos. (Non hai) Obras Pías. (Non hai) .Dotaciones.*

*Otro si dijeron que en dba. Iglesia no ay ninguna dotación de sepultura, lampara, vanco, ni tarima, y si las huvierese remiten a los papeles o fundaciones que de ello presentaren.*

*Clerigos mercenarios (Non hai).*

*Aniversarios*

(Dáse unha ampla lista de misas dotadas perpetuas e aniversarios).

A ermida de Nosa señora da Pedra, que nesta época está situada cerca da igrexa parroquial (a tradición fálanos da aparición dunha imaxe da virxe no lugar do Cabaneiro), é sen dúbida a máis antiga; posiblemente fora o asentamento inicial, non descartando que nun principio fixera as funcións de parroquial. O dato de que nesta parroquia existira unha fonte co nome de Fonte de Santa María, é tamén moi significativo aproveitando, ademais, un recurso natural, como é a auga que ten unha tremenda forza purificadora no mundo antigo, e que polo tanto era un lugar idóneo para o asentamento da ermida.

Da de San Bartolomé, como vimos antes xa temos constancia no século XVI. Dela sabemos que era de reducidas dimensións e que estaba rodeado por un muro de pedra, para evitar que entrase a auga da choiva que de seguro batía forte cos temporais. Celebrábase misa, e algunha que outra vez administrábanse outros sacramentos, como o do matrimonio. Recibía ofrendas de moitos devotos e mantíñase coas esmolos e a dotación da que se fai alusión no informe anterior, e dicir con oito cabezas de gando.

#### **FUNDACIONES PARTICULARES NA IGREXA PARROQUIAL. A CAPELA DA CONCEPCIÓN E A CASA DE BARREIROS**

Á man dereita, dentro da igrexa parroquial, atópase na actualidade os restos da capela da Concepción, tamén chamada dos Villar.

A fundación desta capela é do ano 1601, e foi mandada construír por Iseu Fernández, viúva de Rodrigo de Celeiro.



Imaxen da Virxe e Crucif. da Capela da Concepción

Esta devota señora era filla de Fernando da Area e de Teresa Fernández Alfeirán. Este matrimonio fundou o vínculo da casa de Barreiros con 3.000 ducados a mediados do século XVI. Como vemos o apelido Alfeirán aparece de novo relacionado coa Pedra, e polo tanto xustificase a presenza das ortigas e os aguillóns, misturados co cervo, e a relación primitiva

deste apelido con este territorio, tal e como vimos polo documento do século XII, comentado anteriormente, onde aparecía un R<sup>o</sup> Fernández Alfeirán, descendente, non sabemos con que relación de parentesco, dalgún membro destacado da casa Froilaz-Traba.

Continuando diremos que do matrimonio formado por Rodrigo de Celeiro e Iseu Fernández Alfeirán, saíron: un fillo varón, chamado Basco Alonso Alfeirán, e dúas fillas: Isabel Fernández Alfeirán e María Fernández de Ventosa. Seguiremos a pista de Isabel Fernández Alfeirán. Do seu matrimonio co escribán Alonso de Villar, nacerían o capitán e familiar do Santo Oficio da Inquisición, Miguel de Villar, e María Fernández de Villar, de quen nos ocupamos no apéndice xenealóxico que achegamos ó final deste traballo.

Chegados a este punto, despois de feita a presentación dos fundadores, é preciso transcribir parte do documento, que está datado no ano 1601, e que considero de interese para a historia local. O escribán de Ortigueira, Pedro García<sup>18</sup> foi o encargado de asentalos datos no protocolo daquel ano, parte dos cales transcribimos a continuación:

#### FUNDACIÓN DE ISEU FERNÁNDEZ

*“En el nombre de la Santísima Trinidad... (continua co formulario propio deste tipo de fundacións) vieren como yo Yseu Fdz. muger biuda que finque de Rodrigo de Celeiro, mi marido difunto y vecina que*

18 Arquivo Not. De A Coruña. Sección Prot. dos notarios de Ortigueira

*soy del puerto de Cariño  
atendiendo a que los  
bienes temporales todos  
o parte dellos se deben  
gastar en actos de vir-  
tud y en servicio de  
nuestro Señor  
Jesucristo...(Continúa)  
mejora de tercio y  
quinto a vos Miguel de  
Villar hijo de Alonso de  
Villar y de Isabel Frz. Mi  
hija vuestros padres,  
vecino e regidor de la  
Villa y Condado de*



Capela da Concepción, na Igrexa de A Pedra, pertencente á casa de Barreiros

*Santa Marta... (Continúa) Si alguna cosa sobrara del complemento del  
dbo. mi testamento ayais de fundar una capilla de Nuestra Ssa. De la  
Concepción en la iglesia de Sta. María da Pedra en donde soi feligresa y  
perroquiana en la parte que pareciere a vos y a Alberte de Lago y Lama  
vecino de la fsía. de mogor marido de Isabela Fdez. vuestra hermana y  
al cura ques o fuere la dba. yglesia de Sta. María da Pedra y en caso  
que seays discordeo el lugar donde sea de fundar la dba. Capila en la  
dba. Iglesia os ayais de conformar en el parecer del cura y Rector que  
fuere de la dba. Iglesia y ansi conformes pidais licencia al perlado y  
obispo que fuere deste obispado os de licencia pa. ello y pa. En tal caso  
de derecho se requiera, la qual dba. Capilla se aga con su altar y un  
retablo pintado y dorado con una imagen de Nuestra ss. De la concep-  
ción y otra imagen del ssr. San juan baptista a un lado y otra imagen  
del ssr. san miguel al otro lado pintadas y doradas todo ello a vista del  
dbo. alberto de lago...” (Continúa ca fundación do vínculo).*

*“...bos el dbo. Miguel de Villar mi nieto y los sucesores que fueran  
llamados despues de buestros días en la dba. capilla y bienes arriba  
dichos...”*

*“...condición que ayais de hacer la dba. capilla dentro de quatro  
años siguientes despues de mi fallecimiento...”*

*“...ítem con condicion que en los dbo. vienes que ansi os doi y  
mejoro aya de suceder vuestro hijo mayor o hija lexítimos y de lexítimo  
matrimonio y por su muerte su hijo mayor representando su mesma per-  
sona de su padre como sea lexítimo y de lexítimo matrimonio y ansi sub-  
cesivamente subceda siempre en vuestro hijo mayor y muriéndose el hijo  
mayor sin hijos subceda en el menor de manera que que el hijo mas  
viejo y su hijo mas viejos subcedan los dbos. Vienes enteramente sin par-  
tirlos ni devedirlos con sus hermanos preferiendo siempre el baron a la*



*hembra aunque sea mayor y muriendo vos el dho. Miguel de Villar y buestros hijos sin hijos lexitimos lo que dios no quiera quiero que suceda en los dbos. vienes y capilla los hijos de Alberto de lago y de Isabela frz. su muger e mi nieta...*

(continua)

*“En el Puerto de Cariño a veynte y un días del mes de setiembre de mil y seiscientos y un años bestando presentes por testigos el dho. que firma y mateo de villanueva y juan Frz. de ventosa y pedro da felgueira y pedro de cariño vecinos y estantes en el dho. puerto e yo escribano doy fee conozco a los dbos. Otorgantes El bachiller antonio lopez (cura da Pedra)*

*Miguel de villar . Ante mi pedro garcía escribano.*

Queda pois probada a orixe e pertenza desta capela co vínculo da casa de Barreiros, vínculo que herdaría en primeiro lugar o capitán Miguel de Villar (casado con D<sup>a</sup> Francisca de Guzmán) pasando despois ó fillo maior deste matrimonio, D. Miguel de Villar e Guzmán<sup>19</sup>, tal e como foi a vontade da fundadora.

Iseu Fernández morrería no mes de outubro do ano 1606, e nos catro anos seguintes tería que estar construída a capela, que polo que podemos comprobar está próxima a cumprir o cuarto centenario.

Da figura do capitán Miguel de Villar podemos destacar algúns aspectos, como o de que estaba ó mando do destacamento militar que se formara no porto de Cariño no século XVI, e que se mantiña no XVII. Tiña o seu asentamento no castro que estaba protexido por un amplo foxo. Esta antiga construción defensiva cítase como “*el Baluarte*” xa no ano 1620, estando pegado á *casa da vela* e a súa misión era a de facilitar a vixilancia das costas, tarefa emprendida polos Reis Católicos a finais do século XV; continuada e mellorada polos seus sucesores. Estas circunstancias daranlle o Porto de Cariño unha notable importancia estratéxica, motivo polo cal anotamos a presenza de algún que outro mando militar relacionado con esta zona, como eran o Sarxento Maior de Santa Marta e Viveiro Bartolomé Pardo de Cela, ou os capitáns Alonso de Villar e Serantes, Matheo Sánchez Pardo de Lama, e o propio Miguel de Villar.

19 O capitán Miguel de Villar tivera varios fillos naturais, entre os que se encontraba D. Alonso de Villar, colexial en Fonseca, bacharel en Cánones por Salamanca, Rector de Fonseca, Doutor en Canons, Catedrático de “Instituta”, etc.

Este último morrería no ano 1660 e mandou que lle deran sepultura ó seu corpo na súa capela, feito que aconteceu o día 26 de outubro. A súa partida de defunción está no fol 37 r. do Libro I de Defuntos da parroquia da Pedra. O crego deixou asentado o que segue:

*“esta enterrado en su capilla que tenia al lado de la epistola del altar mayor... que mando construir Iseu Fdez. su abuela.*

No testamento que fixo ante Francisco Ares Pardo, escribán de santa Marta, manda que se lle digan 20 misas de enterros, máis outras 30 de honras e outras tantas votivas; así como outras moitas disposicións relativas ó vínculo que fundara a súa avoa.

**ANO 1705. FUNDACIÓN DA CAPELA DA PURÍSIMA CONCEPCIÓN. PERTENCENTE O VÍNCULO DA CASA DA CERCA**

A comezos do século XVIII, D. Francisco Antonio López de Montenegro, dono do vínculo da casa da Cerca, decide fundar unha capelanía xunto a súa casa, en terreos da súa propiedade.



Situación actual da Capela da Concepción xunto á casa da Cerca

O vínculo desta casa (chamada de Sandamil na documentación de comezos de século XVII), fora establecido en 1653 polo seu padriño, o Licenciado D. Francisco López de Montenegro cura de Santiago Seré das Somozas, dotando de abondosos bens a referida fundación.

Este crego licenciado era fillo de Juan López de San Pedro e de Francisca de Andrade e Montenegro (tamén chamada Francisca González, ou López de Montenegro). Nacera no lugar de Ramil na parroquia de San Xulián do Ermo, o día 18 de xaneiro do ano 1584, tiña, polo tanto 69 anos de idade cando fai testamento e institúe un vínculo cos seus bens.

Por liña paterna era descendente dos López de San Pedro, da casa do Pereiro de San Xiao do Ermo, e pola materna, da casa de Montenegro, en terra de Vilalba.

Para maior entendemento sacamos algúns datos da fundación vincular, feita o día oito de novembro do ano 1653, por diante do escribán Juan Sánchez<sup>20</sup>, veciño de Cedeira. Gracias a este importante documento podemos establecer a relación existente entre este crego e a parroquia da Pedra, onde tamén exerceu o seu ministerio no ano 1627, despois de que o fixera o seu irmán (por parte de pai) o bacharel Antonio López, que estivo de cura nesta parroquia ata o ano 1625. Uns anos máis tarde pasaría a Santiago Seré das Somozas, parroquia que era de presentación da casa de San Sadorniño, o que lle reportaría un bo patrimonio, e unha boa experiencia; a xulgar polo seu testamento foi un home moi singular, devoto e intelixente.

Encabezamento do testamento e fundación vincular:

*“En el nombre de dios amen y de la santísima trenidad, padre hijo y esperito santo tres personas y un solo dios berdadero = Sepan quantos esta carta de testamento, ultima y postrimera voluntad bieren como yo Francisco lopez de Montenegro, clerigo propio beneficiado de Santiago de Sere de las Somozas enesta diócesis del obispado de Mondoñedo...”*

*“Ítem digo y declaro que por quanto my voluntad determinada es de hazer vínculo y aniversario de todos mis bienes rraizes que tengo y me pertenecen en qualquiera manera que sean ansi sitios en esta dha. fra. de Sere, como en las del Condado de Santa Martha y en otras qualquiera partes y lugares que se allaren ser mios..”. (Continua).*

*“Nombro y elixo por persona que suceda en este dho. vínculo y aniversario perpetuo a mathias sanjurjo montenegro mi sobrino hijo lexítimo de pedro frz. sanjurjo mi primo y de maria frz. de figueroa sus padres difuntos vecinos de la ciudad de la coruña= regidor de la ciudad de betanzos y procurador de causas en la real audiencia deste reyno. Y despues de su fallecimiento suceda en dho. mayorazgo y vínculo de dbos. Mis vienes y dotaciones de dhas. Misas y aniversario rreferido = ”*

*“...Francisco Antonio López de montenegro mi abijado, hijo lexítimo de antonio lopez de montenegro mi sobrino hijo de andres lopez de montenegro mi ermano = difunto y de mariana dacia (D<sup>a</sup> Mariana de Aza) y montenegro mi prima difunta vecinos que an sido y son de la frisa. de santa maria da pedra =...” (continua).*

Como vemos, por expreso desexo do fundador, sucedeu neste vínculo o seu afillado, o citado Francisco Antonio López de Montenegro, quen, a partir desa data xa tería na documentación o tratamento de Don. Matrimoniou con Ana María de Villar Piñeiro y Montenegro, (filla de Alonso de Villar y Serantes, que era á súa vez sobriño do Capitán Miguel de Villar), de quen tería varios fillos, quedando á súa morte como vinculeiro D. Andrés Ignacio Sanjurjo de Montenegro, mesturándose así as familias das casas de Barreiros e a da Cerca.

D. Francisco Antonio era, ademais de vinculeiro de novo cuño, familiar do Santo Oficio da Inquisición en Santiago, e quixo costear a construción dunha capela para completar así a obra, e aportándolle ó morgado da casa da Cerca un signo de distinción de acorde ca súa calidade e patrimonio.

Este proxecto levouno a cabo dous anos despois de quedar viúvo. Así, chegado o ano 1705, solicita a presenza do escribán Juan Ponce de León<sup>21</sup>, veciño da vila de Santa Marta e díctalle a súa vontade.

Encabezamento da fundación .

*En la villa de Santamarta de ortigueira a quatro días del mes de diciembre de mill setecientos y cinco años por ante mi escribano publico y testigos parecio presente don Francisco antonio Sanjurjo y montenegro, familiar y notario del Santo oficio de inquisición deste rreino, becino de la felegresia de ssanta maria de la piedra, jurisdicion desta dba.*

*villa= y dijo que por quanto antes de ahora ballándose el otorgante obprimido de una grave enfermedad otorgo su testamento por delante Juan de la peña y parga, escribano del numero desta dba. villa y entre algunas clausulas del mando erigir y fundar una capilla de la advocación Concepción de Nuestra Señora, que se avia de fabricar en territorio suyo y propio junto a la Casa del lugar y casal que se nombra de la Cerca en que bive en dba. felegresia de la piedra.camino Real en medio acia la parte del norte de dba. casa agragandole para la decencia y renta perpetua de dba. capellania el tercio y remanente de quinto de todos sus bienes libres que al dho. tiempo tenia...(continua)*

*= lo quarto siendo falescido dho. otorgante y primer fundador aya de suceder y suceda en el patronato y fundación de dba. capilla don francisco antonio sanjurjo y montenegro ijo lejítimo, de dho. otorgante y de dba. doña Ana María de Piñeiro su muger difunta, que se alla ausente en tierra firme de Indias, para que si viniere a esta tierra goce en el dho. patronato y bines que hestan agregados, en esta escritura, por*

21 Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Documentación solta desta parroquia.

*los dias de su vida y no mas, y no beniendo o siendo fallecido suceda en dba. obra pia y bienes don Andres Ignacio Sanjurjo y montenegro, asi mesmo ijo legitimo de dbo. otorgante para que pagando dba. limosna de misas desta fundación llebe dbos. Bienes por los dias de su vida, y a su fin y muerte suceda el ijo mayor que tubiere de legitimo matrimnio dbo. don Andres Ignacio Sanjurjo, y que sucediere en el binculo y mayorazgo que fundo dbo. licenciado don francisco Lopez para que siempre esta dba. fundación y dbo. binculo ande junto y consolidado...(continua)*

Remata a fundación ca solitudine de que o cura da Pedra informe favorablemente e lle remita o bispo o seu visto e prace, o que fai rapidamente.

*Hesteban García de la Peña, cura y rector propio desta fra. de Santa María de la Piedra abiendo visto la escritura de fundación hecha por d. Fco. Antonio sanxurxo montenegro vzo. Desta fra, otorgada por delante juan Ponce de leon scribano en los quatro dias deste presente mes y año, digo que las clausulas que contiene son justas y de la execucion de dba. capilla no se sigue perjuycio al derecho parroquial, que como tal cura exerzo, y los vienes agregados a dbo. aniversario son quantiosos para pagar la limosna de las misas fundadas, y cumplir con las condiciones y gravámenes expresados en dba. escritura, este es mi sentir, y lo firmo en cumplimiento del despacho antecedente a seis dias del mes de diciembre del año de mill sietecientos y cinco=*

*Hestevan garcia (rúbrica)*

#### Autorización do bispo de Mondoñedo

*“El Ilmo Sr. Fr. Juan Antonio Salcedo y Muñoz, (Muñoz y Salcedo) mi sr. Obpo. Y Sr. de dba. Ciudad del consejo de su majestad, habiendo visto lo pedido por Don Franco. Antonio Sanjurjo Montenegro vecino de la Fra. de Santa Maria de la Piedra en razón de la hermita y Capilla q pretende hacer y edificar en el lugar que llaman la cerca de la advocación de Nuestra Señora de la Concepción....(continúa)*

*Dava y dio permiso al dbo. Don Francisco Antonio Sanjurjo Montenegro para que pueda prosiguir con la obra de dba. hermita asta fencerla, y estando hecha y con altar imágenes de santos frontal y ornato, y lo mas que requiera para la celebración del Santo Sacrificio de la Misa....(continúa)*

*Fdo. Polo Bispo. Fr, Juan obispo de Mondo. (rúbrica).*

**VISITAS DO SR. BISPO NO SÉCULO XVIII. A ERMIDA DE SAN BARTOLOMÉ NO PORTO DE CARIÑO É VISITADA EN ROMERÍA**

Ocuparemonos novamente da ermida de San Bartolomé. O día doce de agosto do ano 1701, o Ilmo Sr. D. Manuel F. Navarrete Ladrón de Guevara, bispo de Mondoñedo, está de visita na parroquia que rexenta o párroco D. Pablo Ramos de la Torre. Nesta visita, aparte dos mandatos de rigor, fai unha chamada de atención particular sobre do estado da ermida de San Bartolomé<sup>22</sup>:

*“Item, habiendo visitado la Ermita del glorioso Apóstol San Bartolomé, sita en el puerto de cariño de dba. fsia. Se hallo estar decentemente compuesta, solo necesita un banzo de piedra de una cuarta de alto porque el agua no entre en dba. hermita para lo qual mandava y mando su Sría Ilma se haga un arroyo para que despida el agua y no entre dentro de la hermita y se allane el suelo de ella lo cual cumpla asi la persona por cuia cuenta corre su reparo y decencia pena de mil maravedis dentro de quince dias.*

*Item por quanto su Sría. Ilma a sido informado que en dba. hermita los dias de fiesta a que se alla concurren en romeria se pida limosna para encender candelillas cosa muy indecente y codiciosa. Por quanto para quitar semejante abuso tan pernicioso prohibia y prohibio su Sría. Ilma el que de ninguna manera se pida limosna para encenderse dba. candelilla lo qual se cumpla y excuse...”*

Varios anos máis tarde, no 1760, noutra visita do bispo manda que se lastre a ermida. O concurso dos devotos aumenta, e deteriórase o recinto de tal xeito que non está decente para o culto. Está situada no porto de Cariño, que convén recordar é un lugar de desembarco de moitos mariñeiros biscaíños, cántabros, asturianos e doutras latitudes, é en moitas ocasións a ermida emprégase para outros usos, para os que, evidentemente non estaba destinada. No lugar onde se atopa non é doada a súa custodia, xa que o cura reside na casa rectoral que se atopa pegada o lado Norte da igrexa da Pedra, distante máis dun Qm. deste lugar.

Poucos anos despois, no 1782, o cura D. Domingo Antonio Félix Vidal, dános mais datos e de moito interese, sobre dos habitantes desta parroquia, así como dos lugares que a compoñen, e tamén das ermidas e

22 Libro II de Fábrica da parroquia de Santa María da Pedra. Fol 81 r.

capelas que están construídas por esas datas, así como dos seus propietarios:

*El número de vecinos = 960 personas de comunión, sin los niños; con estos 1169.*

*23 barrios o lugares.*

*Una iglesia y dos capillas públicas, la de San Bartolomé en el Puerto de cariño, y la de la Purísima concepción que es del vínculo de la casa de La Cerca.*

*Dentro de la Iglesia otra capilla con el altar de Nuestra Señora de la Concepción que es del Vínculo de Barreiros que posee D. Diego Pernas Serantes y Villar, oficial de Milicias de esta vecindad.*

*Presentación del Curato*

*8 voces de las quales 3<sup>1/2</sup> son del vínculo de la casa de la Torre de Couzadoiro que hoy posee D. Joseph de La Peña Alfeirán, Arcediano de Azumara.*

*2 1/2 de Antonia Díaz de La Peña mujer de Andrés Gómez de riobo, Escribano.*

*1 1/2 del Vínculo de la casa de Lama.*

*1/2 a D. Esteban de las Salas y Pumariño vecino de San Martín de Laspra en el principado de Asturias...*

Comprobamos que a presentación da parroquia faise por oito voces, pero non son as mesmas familias que a posuían no século XVI, onde estaban os Quizas, os Concheiros, os Santiagos, os Pixotas, os Miudelos, ou os Bermún. As sucesivas vendas dos dereitos deste padroádego fixeron posible esta concentración de poder en mans de catro casas ou familias. Pode resultar un tanto curiosa a da familia de *Las Alas y Pumariño*, que como vemos son veciños de S. Martín de Laspra, pero iso ten unha doada e sinxela explicación.

No século XVI posúe unha das voces Pedro Martínez de Pumariño<sup>23</sup>, fillo de Martín Bonome, descendente de Juan Pita de Pumariño, dono da casa e solar dos Pita de Pumariño de Santa Cruz de Moeche. Este Pedro Martínez de Pumariño casou en Avilés con D<sup>a</sup> María de las Alas de quen tuvo abondosa descendencia a quen lles traspasou os seus dereitos sobre

<sup>23</sup> Archivo Diocesano de Mondoñedo. Pleitos da presentación deste Benéfico Eclesiástico, do ano 1626 e ss..

a presentación deste beneficio curado, dereitos que mantiñan no século XVIII. Velaí a relación dos apelidos citados.

**AÑO 1792. “ADQUISICIÓN Y NOTICIA DE LA APARICIÓN DE NUESTRA SEÑORA DE LA PIEDRA”**

Nese ano de 1792 está de cura párroco en Santa María da Pedra, D. Domingo Antonio Félix Vidal, quen recolle no folio 176 do Libro I de Fábrica unha narración duns acontecementos que como veremos, sitúanse douscentos anos antes, e dos que non se ten ningunha outra noticia.

Quedounos pois o que recolleu o cura D. Domingo e que se transcribe literalmente:

*Fue aparecida la Virgen de la Piedra por los años de mil quinientos y noventa, poco mas o menos, en el lugar del Cavaneiro, mas arriva de la fuente (que llaman de Nuestra Señora de la Piedra) encima de una Peña, con dos luces que se veían de noche, hallanse hoy señales de una capilla, que según dicen, ha sido de los Religiosos templarios: a esta Soberana Virgen la hallaron dos hombres Hermanos y virtuosos, que hiban alli hazer rezo, y estos vivian en el Lugar que llaman das Maciñeiras: determonaron dar quenta al Sor. Obispo, y que el uno guardase a la virgen, hasta que el otro volviese de Mondoñedo, como de ipso fue así; y aviendo el Ilmo. Sor. , que entonces era, oido con mucho gusto al labrador, embio con el a un capellan para q. Averiguase siera cierto lo referido; y llegando junto a la Virgen, vio que estaba encima de una Peña con dos velas encendidas de noche; volviose dho. Capellan al instante a dar parte a su Ilma., de que era cierto lo que aquel Mozo havia expuesto, y luego dispuso el Sor. Obispo venir a esta Parroq<sup>a</sup>. E hir abuscar la Virgen, trabiendola al poblado: reconocieron que la Virgen era de Piedra de toelo, y desde aquel tpo. Se llamó esta Parroq<sup>a</sup>. De St<sup>a</sup>. Maria titular de la Piedra: Hubo disputa entre los Feligreses adonde se le haria una Capilla, unos determinaban hacérsela en el campo del Morzon; otros junto a la escalera del Atrio, en cuyo sitio se*



Imaxe de pedra da Virxe, situada no Retablo do Altar maior. S. XV-XVI



*bizo, y permaneció, hasta que el año de mil seteztos. quarenta y uno mandó el Ilmo S<sup>or</sup>. Sarmiento por auto de visita se trajese a la Igl<sup>a</sup>. Por ser indecente dba. Capilla de la Virgen, para darla el debido culto: Llegó el actual Cura atomar posesión el año de mil seteztos. sesenta y seis dia doze de Junio, quien viendo que la Imagen estaba indecente y sin adorno, demanera que no causaba devoción a los fieles, como el notener asiento fijo en esta Igl<sup>a</sup>. Siendo su Patrona, Milagrosa y Abogada, determinó reedificarla, pintarla y colocarla para siempre en el Altar mayor, para q. Como Virgen titular de la Piedra cause a los fieles más devoción, reverencia y veneración, y tengan fe viva con dba. soberana Reyna = Todo es acordanza de Hombres viejos, pasando la voz de unos a otros, por no haver hallado escrito cosa alguna acerca de la Aparición de la Virgen en Libro alguno de esta Parroquia, y quanto he podido averiguar en el asunto, y para que conste perpetuamente lo firmo como Cura Rector de ella a veinte y quatro días del mes de Septiembre de mil setezt<sup>as</sup>. Noventa y dos. = Domingo Antonio Felix Vidal = Rubricado*

Á vista dos datos, e como xa queda dito, sobre do culto a Nosa Sra. na parroquia da Pedra xa temos a certeza da súa existencia, cando menos no século X, e tamén da igrexa que daba acubillo á súa imaxe. Queda por saber se a capela de Nosa Señora da Pedra foi o primeiro santuario que acolleu a imaxe, e se a igrexa actual foi construída despois nun lugar distinto. O dato da fonte de Nosa Señora tamén se aporta no ano 1670. Unhas oportunas escavacións darían resposta a esta cuestión.

O que resulta evidente é que a transmisión oral non coincide plenamente cos datos escritos.

## **AÑO 1796. CONSTRUCCIÓN DO CAMPANARIO DA IGREXA PARROQUIAL**

Segundo consta nunha escritura feita polo escribán Fco. Antonio Rey de Otero, a 31 de xullo do ano 1796, da cal temos unha copia, resulta que, debido á necesidade de construír o campanario da igrexa, e necesario asinar un acordo entre varios veciños, entre os que se atopa o dono da Casa da Cerca, D. Antonio Ramón Montenegro, que posee o tarreo onde se quere construír o citado campanario:

*“entre Pedro Teixido, fabricario y administrador de los bienes raíces de la fábrica de Santa María da Pedra, D. Domingo A. Felix Vidal, D. Isidro y D. Antonio Fco. Pernas Serantes y Villar, D. José Diego Pernas, Salvador Casás, José de Santiago, Diego dos casás, Andrés de Santiago y otros vecinos de la misma parroquia interesados para lo que se expresara*

*y D. Antonio Ramón Montenegro dueño del pazo de la Cerca, y por ella consta que este dio para hacer el Campanario de la Iglesia Parroquial de Santa María de la Piedra y de terreno de su privativa pertenencia y vínculo que posee la séptima parte de un ferrado en el fondal de la cortiña del lugar del Campanario y los de la fabrica le dieron en pago y recompensa la novena parte de un ferrado en el barrio de Figueiroa, confinante con el D. Antonio Ramon Montenegro con lo que quedaron contentos satisfechos y reintegrados unos y otros y este con aquellos...”*



Fachada e campanario da igrexa parroq.  
Construído no ano 1796

## **OBRAS E REPAROS NO SÉCULO XIX**

No século XIX a poboación desta parroquia experimenta un notable incremento co desenrolo que se está a producir no Porto de Cariño coa chegada de moitas familias de fora. Varios cataláns procedentes dos portos do sur de Galicia xa se estableceran no século XVIII, como fora o caso do catalán Marsal, que xa se cita o seu nome no testamento de D. Andrés Ignacio Sanjurjo de Montenegro, dono da casa da Cerca, con quen tiña negocios no ano 1758. Outros os Muntaner, ou os Domenech, fixéranos uns anos máis tarde. Estes industriais cataláns trouxeron novos métodos de traballo que incrementaron a riqueza das familias da zona, familias que sabían pescar, pero que non tiñan coñecementos dabondo para conservar o peixe e vendelo fora da comarca, nin intencións comerciais de ningún tipo.

A partir do século XIX, o aumento demográfico e os novos veciños do Porto de Cariño, motivarán que o crego da Pedra D. José Pérez Peñamaría, no ano 1831, remite unha queixa ó Bispo de Mondoñedo, protestando que ven de amoestar ós armadores das traíñas por non garda-los días festivos. No ano 1833, volve queixarse dicindo que a ermida de San

Bartolomé xa se queda pequena e volta a estar necesitada de reparos, e que se producen moitos estragos nas súas instalacións.

### PATRIMONIO HERÁLDICO E FUNERARIO. DESCRIPCIÓN DO ANO 1833

Continuando coas queixas e as reclamacións, nese mesmo ano tamén remite un informe das sepulturas dotadas que se atopan na igrexa, co fin de recordarlles ós seus propietarios que deberán facer os pagos dos dereitos. Dúas foran dotadas por Juan da Dorna no ano 1634 e pertencen á casa de D. Vicente Montojo y Poentas. Outras dúas á casa da Cerca, das que fixera doazón Catalina de Andrade (filla de Beatriz de Andrade e de Pedro Fernández de Serantes) viúva de Andrés de Oriona no ano 1609.



Armas dos guzmán de Herrera, Montenegro, e Freire de Andrade. Casa da Cerca

Estas sepulturas déranllas á citada Catalina os seus avós por parte materna, e decir: Diego de Herrera y Montes de Guzmán e a súa dona Isabel de Vivero. Estas sepulturas tiñan as armas “*de los Freires, Andrades y otras*”, tal é como reza na escritura de transpasazón<sup>24</sup>. As outras armas eran as dos Vaamondes.

Outras dúas mostras heráldicas de importancia son as que se atopan na actualidade na parede exterior da igrexa parroquial. Estas labras heráldicas pertencentes a dúas sepulturas do século XVII, levan no primeiro e no segundo cuartel as armas da casa de Barreiros, e dicir as vieiras e unha cruz flordelisada dos Fernández de Villar. No terceiro e cuarto o que parecen ser as armas da casa de Lama, as ortigas dos Sánchez de Santa Marta, e a torre dos Lago.

<sup>24</sup> Prot. do escribán Domingo Rguez. do ano 1639, fol 62. Arquivo Not. da Coruña. Sección dos Prot. de Ortigueira. Achegado polo Profesor Rafael Usero González.

Aparecen tamén outras dúas sepulturas dotadas que pertencen á casa de D. Diego Pernas y Serantes, é nese mesmo ano fálase da construción dunha capela pegada á igrexa, no mesmo lugar que ocupaba outra de similares características.

Como comentario cabe destacar que, cando se realizou a visita do bispo no ano 1670, o cura párroco informou de que non existía ningunha sepultura dotada, e se resultara de que había algunha remitíase ós papeis que presentaran os seus propietarios. A verdade, como vemos era que había varias dotacións feitas ó longo dos século XVI e XVII.

### ***Algunhos detalles da parroquia no século XIX, e o nacementos da parroquia de San Bartolomé de Cariño***

No século XIX os acontecementos políticos e sociais foron abondosos e variados.



Labras heráldicas da casa de Barreiros. S. XVII. Fachada Este da igrexa parroquial.

Antes estaban nas sepulturas da capela interior

Despois de séculos de opresión feudal e señorial, foron moitos os que viron que se abrían novos horizontes de liberdade.

A Pedra pertencía ó Concello de Ortigueira (Provincia de Betanzos, Diocese de Mondoñedo), e polo tanto os veciños desta parroquia debían atravesar a ría empregando a lancha da pasaxe de Sismunde, facendo pago ós barqueiros que tiñan adquirido este dereito. Chegados a este punto temos que salientar o illamento secular destes veciños, que por terra tiñan que atravesar a vella ponte de Mera para comunicarse co interior da provincia e do país.

Cansos destas duras circunstancias de vida que os sometían o centralismo, e sen ver que avanzasen os seu desexos, non dubidaron en acudir á chamada dos demais veciños das parroquias do poñente da ría de Ortigueira para, unidos formar parte dun novo Concello que tería a súa sede en San Adrián de Veiga, e que en principio rexería mellor os seus intereses.

Así aconteceu, publicándose no boletín da Provincia da Coruña do ano 1836 a nova división dos Partidos Xudiciais e dos Distritos Municipais, quedando incluída temporalmente neste novo Concello de Veiga, xunto cas de Santiago de Mera, Feás, Landoi e Sismundi.

O Concello de Veiga contaba con 733 veciños e un total de 3.318 almas, das cales 1.170 pertencían a Pedra e ó Porto de Cariño.

Poucos anos despois, no ano 1842, varios veciños dos barrios da Vacariza e do Trebo, dirixen unha instancia á Deputación Provincial da Coruña, solicitando a súa segregación da parroquia de Régoa, á que pertencían desde moi antigo. Tamén queren independizarse dun poder, neste caso o que os unía durante séculos á Orde de San Xoán de Xerusalén, que os tiña suxeitos e obrigados a render culto nunha igrexa parroquial da que os separan varias légoas, como era o caso da de Santa María de Régoa, na vella Xurisdición de Cedeira.

Viñan facendo esta demanda desde anos atrás, alegando, entre outras cousas, a excesiva distancia que os separaba da igrexa de Régoa. Ó fin, e con moito esforzo, conseguiríano.

Pouco tempo despois estes novos concellos ós que fixemos alusión, desaparecerán, tornando todo ó seu lugar, quedando o de Ortigueira como un único concello.

Dificultades non faltaron, e así no ano 1854, o crego pide axuda o bispo de Mondoñedo para que, na medida do posible, envíe algún cura que lle poida axudar na administración dos sacramentos, sobre de todo o

da unción de enfermos. Aquel inverno estaba a padecer o Porto de Cariño unha tremenda epidemia de cólera morbo, que cada día segaba a vida de cinco ou seis veciños. Queixábase tamén, de que non había médico que atendese ós enfermos e a única axuda era a que el podía prestar. O número de habitantes deste porto medrara rapidamente, o que, como veremos máis adiante, propiciaría o nacemento dunha nova parroquia.

No ano 1858 A Pedra contaba con 1.642 habitantes, pasando no ano 1888, a 2.316, dos cales 1.237 residían no Porto de Cariño, circunstancia esta que axudou notablemente na creación da nova parroquia de San Bartolomé de cariño.

### ***Ano 1860. Ruina da Capela Maior***

No ano 1860 ten lugar o derrubo accidental dos muros do campó-santo, así como do terreo contiguo (segundo reza na documentación solta desta parroquia que se custodia no Arquivo Diocesano de Mondoñedo), tal é como nos é descrito polo crego da parroquia: *Llevárase consigo mucho de su territorio y dejando sin sostén lo que ha quedado por ballarse aquel en un ribazo o madrón de tierra y como contiguo a la yglesia parroquial está amenazada también ruina su capilla mayor...*

A causa destes notables estragos foi a de que, polo mes de xaneiro dese mesmo ano, as choivas foran moi abondosas, e os temporais devastadores, ó que tamén contribuíu o que a igrexa está construída nunha pendente.

Na actualidade o aspecto externo desta edificación pouco ten que ver ca feitura primitiva, mantendo, iso si, os contrafortes que soportan os esforzos do edificio, así como os muros exteriores, as capelas interiores ás que se fixo mención, e o campanario.

### ***Arranxo parroquial feito polo Bispado no ano 1895***

Por fin chegou o día. Segundo se recolle do auto definitivo<sup>25</sup>. Este arranxo parroquial fora solicitado por varios Arciprestados (que igual que no de Ortigueira tamén tiñan necesidade de crear novas parroquias e de

*Arciprestazgo de Ortigueira.*

*Cariño*, San Bartolomé.—Forman esta nueva parroquia el pueblo y puerto de Cariño, y los lugares Cariño de arriba y Vilanova. Erigimos iglesia parroquial la capilla de San Bartolomé do Cariño.

*Devesos*, San Sebastian.—Se segregan de esta parroquia los lugares, que forman la nueva parroquia de Nuestra Señora de las Nieves. Se le agrogan los lugares de Cabana, Campo, Carballás, Carris, Couce-inosquento, Cruces, Lombao, Meijido, Pradía, Salgueirón y Voiga pertenecientes á la parroquia de San Pablo do Freires.

*Espasante*, San Juan.—Se agrega á esta parroquia el lugar de la Furadiña, perteneciente á la de Santa Eulalia de Ladrado.

*Freires*, San Pablo.—Se segregan de esta parroquia once lugares, que se agrogan á la de San Sebastian de los Dabesos.

*Granas del Sor*, San Mamed.—Se segrega de esta parroquia el lugar de Riveiras de Ambosoros.

*Ladrado*, Santa Eulalia.—Se segrega de esta parroquia el lugar de Furadiña.

*Nieves*, Santa María.—Forman esta nueva parroquia los lugares siguientes: Aceiberal, Carreiras, Carroceiras, Casabella, Casas, Caxigueiras, Corbitos, Ermita, Fracola, Forcadas, Fraga, Frexidos, Gonzalvo, Gosende, Monteira, Muros de abaixo, Pandás, Pedro, Penso, Portoseco, Rego da Laxe, Rego dos sapos, Teixeiro, Toxeiro, Vilarino y Zarpás. Erigimos iglesia parroquial la capilla de Nuestra Señora de las Nieves.

*Pedra*, Santa María.—Se segregan de esta parroquia el pueblo y puerto de Cariño, y los lugares Cariño de arriba y Vilanova. Se le agregan los lugares de Trevo y Bacarriza, pertenecientes á la parroquia de Santa María de Regoa.

anexas), nos anos de 1867 e 1885, ca presentación dos expedientes elaborados polas Xuntas Xerais dos Arciprestados.

Por fin, víase cumprido o soño de moitos veciños de Cariño, a publicación do extracto do acordo aparece publicada deste xeito:

*Auto definitivo*

*Cuarto. Erigimos y fundamos las nuevas parroquias siguientes: Las de San Antonio de la Barquera, San Pedro de Enchousas y Santa María de Seijas en el arciprestazgo de Cedeira;...*

*... (continúa) Las de San Bartolomé de Cariño y Nuestra Señora de Las Nieves en el arciprestazgo de Ortigueira.*

No censo de habitantes que se publica no mesmo boletín, a parroquia de santa María da Pedra queda con 217 veciños, o que é un total de 1.115 almas; San Barolomé de Cariño conta con 291 veciños, e dicir, 1.166 almas. A explicación a este aumento demográfico débese ó mar, á pesca e ás industrias conserveiras que se estaban implantando neste porto desde a chegada de varias familias de industriais cataláns que, con novos métodos conseguiron un aumento na produción e nas vendas dos produtos derivados do mar.

Cuarto. Erigimos y fundamos las nuevas parroquias siguientes: las de San Antonio de la Barquera, San Pedro de Enchousas y Santa María de Seijas en el arciprestazgo de Cedeira: la de Santa María de Ferreira en el arciprestazgo de la Marina; la de San Esteban de Rececende en el arciprestazgo de Miranda; las de Nuestra Señora del Carmen y Nuestra Señora de los Remedios en la ciudad de Mondoñedo; las de San Bartolome de Cariño y Nuestra Señora de las Nieves en el arciprestazgo de Ortigueira; la de Santa Marina de Lagostelle en el arciprestazgo de Parga: las de S...de la Gestosa, San Pedro del Valle de Gestoso y San Mamed de Puentes en el arciprestazgo de Puentes: las de San Pedro de Rinlo y San

(1) Las iglesias parroquiales, que en virtud de este arreglo quedan unidas, no le estarán "aeque principaliter, como se consideraban estario hasta ahora, sino "accessoria, y "sujetivamente, con dependencia y sujecion de una á la otra, llevando la iglesia principal el nombre de parroquia matriz, y la menos principal el de ayuda de parroquia ó anejo, de conformidad con las bases segunda y novena de la Real Cédula de 3 de Enero de 1854.  
(2) Así consta de los expedientes particulares y de los cuadros sinópticos.



Grupo Danza de Arcos  
de Cariño

Con esta nova distribución parroquial, a igrexa da Pedra viuse alixeirada do culto; constrúese a nova igrexa en Cariño e o cemiterio, o seu carón segue medrando un núcleo semiurbán constituído por casas de un e dous altos, rodeado de fábricas e “fabriquíns”, onde se preparan excelentes variedades de peixe en conserva, escabeches e salgadura.

No peirao medra a flota pesqueira, onde destacan os galeóns e as traíñas. Nomes de familias como os Domenech, os Muntaner, os Abella ou o de D. Fermín Zelada, que emprenderon ambiciosos proxectos industriais que son os que provocan un aumento demográfico impensable por aqueles anos.

#### **RECORDOS DAS VELLAS TRADICIÓNS DA PARROQUIA E DO PORTO**

O recordado e admirado cura D. Xesús Crecente, e os veciños do porto de Cariño inician os traballos para construír a que será igrexa parroquial, non escatimando nin esforzos nin medios para levar a cabo o citado proxecto. A vella ermida de San Bartolomé ten os días contados, xa que poucos anos máis tarde desaparecerá totalmente. A imaxe que representa ó fillo de Tholmeo, o que despelexaron en Asia, continúa presidindo a procesión que cada 24 de agosto percorre as rúas do porto de Cariño. Acompañando esta e outras procesións, desfilan os mariñeiros e as súas familias, representado unha danza tradicional que manteñen ó longo dos séculos: a chamada Danza de Arcos.



A procesión ó seu paso polas  
rúas de Cariño. Anos 50 do  
pasado século XX

A organización e desenvolvemento desta danza gremial corría a cargo das confrarías de San Miguel, que tiña o seu altar na igrexa da Pedra, e mantén a mesma tipoloxía que as que se celebraban noutras vilas e portos mariñeiros de Galicia, como era o caso de Betanzos. Na citada danza execútanse pasos e representacións típicos das labouras do mar, como o da banastrería ou descarga do peixe mediante as banastras; e o



traslado e distribución da pesca. Non faltan os remos, nin os arcos, que normalmente facíanse das propias vergas dos cestos ou dos paxes. Desde o primeiro cuarto do século XX, tampouco faltaron as Bandas de Música para acompañar a procesión, algo que se mantén na actualidade. A participación nos festexos soe ser abondosa, se ben, en ocasións, os mariñeiros que estaban na costeira e non podían participar dos mesmos, o que se facía notar, tanto na cantidade como na calidade da festa.

Ó remate, tampouco faltaban os gai-teiros e as sardiñas con cachelos. Alegría desbordada e agradecida dos homes e das mulleres do mar para cos seus.

Cabe recordar que moito antes da chegada dos fomentadores cataláns, neste porto, así como no de Espasante, ou no de Ortigueira, facían *cabañaje* moitos mariñeiros asturianos, cántabros, e biscaíños que participaban da vida do mar destes pobos, traendo e levando tradicións e cultura, tanto das técnicas de pesca, como da representación e do folclore. Polo que sabemos, os mariñeiros asturianos e biscaíños, non se permitían grandes luxos, contentábanse con gardar os seus enseres en humildes construcións, o que lle chamaban a cabanaxe, que ademais estaba gravada economicamente, e tiñan a obriga de pagar ó concello de Ortigueira, tanto polos meses que duraba como pola pesca, tal e como nolo contan os escribáns de Ortigueira dos séculos XVI e XVII.

A Pedra e Cariño constituíronse ó logo do século XX como dous núcleos fortes de poboación, sobre todo este último. Loitaron por crear un novo concello, e conseguírono. No ano 1988 ten lugar a segregación do concello de Ortigueira, formándose o novo concello de Cariño. A partir desa data pasarán a depender do mesmo as parroquias de Santiago de Landoi, San Pedro dos Feás, San Estevo de Sismundi; Santa María da Pedra, e a de San Bartolomé de Cariño, que é onde se asentará a casa consistorial, a pouca distancia do lugar que ocupara a ermida de San Bartolomé.

E un concello novo, pero, como vemos, ten historia.



Os Mariñeiros e a Banda de Música acompañando á procesión que se dirixe a peiral

## **APÉNDICE XENEALÓXICO-HERÁLDICO DOS FUNDADORES DOS VÍNCULOS DAS CASAS DE BARREIROS, E DA CERCA, NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DA PEDRA.**

Para mellor entendemento, complementéase o presente traballo con unha serie de datos xenealóxicos que teñen como misión a de darlle nome a algúns dos autores da historia desta parroquia, cando menos ás familias que fundaron as capelas de Barreiros e da Cerca, así como tamén a das relacións de parentesco que os unía con outras casas soaregas do Ortegal.

As árbores xenealóxicas serven para orientar ó lector, xa que doutra maneira resulta complexo seguir a descrición dos detalles familiares, así como dos datos relativos ós vínculos que posuíron. Os estudos da xenealoxía e da heráldica local non deixan lugar a dúbidas á hora de explicar a procedencia das labras heráldicas que se atopan nesta parroquia, tanto nas casas de Barreiros, como na da cerca, e tamén na igrexa parroquial. Para isto fíxose necesario realizar un estudio amplo, xa que era necesario documentar a chegada a esta parroquia das familias motivo do mesmo.

Sabemos que os apelidos propios desta parroquia ata o século XVI, non tiñan demostrada fidalguía nin, ó parecer riqueza que os avalara. Entre eles estaban os Quizá, os Bermún, os Pixota, ou os Santiago; tiñan os dereitos de presentación desta freguesía, pero nada máis.

Pola lista dos apelidos estudados, onde nos atopamos coas casas máis antigas e senlleiras do Ortegal, vemos discorrer liñaxes das casas soaregas que maior relevancia tiveron ó longo dos séculos XVI e XVII. Algunhas, como a de Lama, de San Cristovo das Ribeiras do Sor, son descendentes dos Pardo de Cela de Betanzos, dos Lago, dos Tenreiro, dos Parga, e tamén da de Parragués. Outras, como a dos Fernández de Aguiar da casa de Tras do Río en San Claudio, descendían do liñaxe de García Rodríguez de Valcarcel, da de Aguiar, dos Díaz de Piñeiro, dos Montoxo, dos Faxardos, ou dos Cora, por citar algunhas. Familias todas elas de vella fidalguía que atopamos desde moi antigo nas terras da Mariña Oriental de Lugo, nas de Viveiro, e en Ortigueira, e tamén en Cedeira, lugares onde fundaron capelas e foron padroeiros de varias igrexas.

Non faltaban a dos Alfeirán, un dos catro liñaxes de Viveiro, que como vemos, levan as ortigas e os aguillóns como armas, mesturados cos Cervo, en recordo da parroquia dese nome, situada tras Viveiro, cerca da costa lucense e das terras do Valadouro.

Aparecen tamén familias fidalgas das terras de Cedeira, onde se atopan os apelidos netamente galegos como son os Lago e os Freire de Andrade, ou os Fernández de Serantes, que se misturarían con familias de biscaíños, como foron os Sánchez de Arteaga, e os Oriona; o que se explica polas correntes migratorias dos séculos XV e XVI, que os trouxeron ás nosas terras á busca de tarballo e de



Armas da Inquisición do lugar de Escalo en San Xiao do Ermo

riquezas; algúns chegaran a Galicia para axudar na reconstrucción dos castelos derrubados polos Irmandiños, onde se precisaban ferreiros, canteiros e traballadores da madeira. Outro tanto lle aconteceu ós Basoa, que desde Bilbao chegaron a Galicia no ano 1517, como rendeiros da ferrería de Montoxo, na xurisdicción de Cedeira, onde se asentaron. Algúns deixaron sepulturas dotadas e fundaron e costearon capelanías, pero sobre todo deixaron oficio, xa que ensinaron as artes da forxa a moitas familias de ferreiros e de machuqueiros

Os fidalgos de novo cuño, e dicir os que se fixeron dun xeito máis ou menos forzado entre os séculos XVI e XVII mediante compras de executorias de fidalguías, que levaban implícito a dos testigos, quixeron emparentar coa vella fidalguía que tiñan solar coñecido, chamados tamén “de 500 sueldos”, os que podían manter mesnada, pote e caldeiro. Así medraban tamén os seus descendentes, podendo entrar nos oficios das armas, como escribáns, e tamén na Igrexa.

Todo isto non pasa desapercibido nas pedras heráldicas co que se acompañan, tanto nas súas casas soaregas, como nas sepulturas onde repousaran os seus restos.

A vella fidalguía do Ortegal quere levar as ortigas e os aguillóns como símbolo heráldicos propios, enténdase, entre estas, os Faxardos, os Vivero, os Lama, ou os Díaz de Santa Marta. Todos eles con algunha variante, ou ben no número de matas de ortigas, ou no número de follas, ou no dos aguillóns.

Outros como os Andrade, os Montenegro, e os Vaamonde, tampouco necesitan dar explicacións das súas orixes xa que descenden das casas máis antigas do Reino de Galicia, e cando menos teñen xustificado


os seus ascendentes entre os séculos XIII, é XIV.

Pero, algúns outros, entre os que están os novos fidalgos, non queren ser menos, e así elixen un símbolo heráldico ó que poden apuntarse circunstancialmente, como son nalgúns casos as armas do Santo Oficio da Inquisición, e dicir a árbore da Cruz, a palma, e a espada, e no caso dos que dependían do tribunal de Santiago, tamén aparecen as vieiras.

Isto explica a existencia destas armas en algúns lugares onde habitaron, ou ben comisarios, ou familiares, e tamén notarios da Inquisición. No primeiro caso eran cregos, nos últimos non tiñan porque selo.

E no caso que nos ocupa, na parroquia da Pedra e no Porto de Cariño atopámonos con algúns casos destes. O saber por qué se asentaron neste territorio do Ortegal resulta ben doado, xa que, a partir do Concilio de Trento, e das circunstancias que se deron ó final do século XVI e principios do XVII, fixeron que se extremaran os controis e a vixilancia das costas galegas, sobre todo nos desembarcos que se facían en moitos lugares e portos da costa. A razón era a facilidade coa que podían desembarcar algúns protestantes que, na maior parte dos casos, proviñan dos portos franceses de Bretaña, ou da Normandía. Os portos de Ortigueira, e o peirao de Cariño incluíanse nesa lista, motivo polo cal foi necesario nomear Familiares, e Comisarios do Santo Oficio, que tiñan, entre outras, a misión de controlar persoalmente os fretes de cada navío, na procura de biblias, documentos, ou libros que procederan dos portos protestantes do Norte de Europa, e que podían ir en contra dos principios e dos intereses da Igrexa Católica.

Co asentamento en Ortigueira do Sarxento Maior Bartolomé Pardo de Cela, este control verase reforzado, xa que el mesmo encárgase da organización e do desenvolvemento das visitas. Así, nos protocolos dos escribanos de Ortigueira de finais do século XVI e XVII, aparecen diversos documentos que acreditan a visita, e o rexistro, a varios buques, onde non faltaba o citado Sarxento Maior<sup>1</sup>, o Comisario, ou o Familiar da Inquisición. Vemos pois que algunhas familias aproveitaron estas circuns-



Sepulcro, e armas, do capitán Vasco Pérez de Vivero, situadas no brazo norte do cruceiro da Catedral de Lugo

tancias, como foron os Villar, e os López de Montenegro, que xa residían na parroquia de Santa María da Pedra, como quedou demostrado no comezo deste traballo. No caso dos Villar, dáse a circunstancia que algúns dos seus vástagos elixen o oficio das armas, e outros os hábitos relixiosos. Así temos os casos de varios capitáns, entre os que se atopan: Miguel, Juan, e Alonso de Villar; e dalgún relixioso como Bartolomé de Villar que foi racioeiro da Catedral de Ourense, todos eles fillos do escribán Alonso de Villar, do que se dá información nas árbores xenealóxicas. Todos eles naceron na parroquia da Pedra, ou no porto de Cariño nos séculos XVI e XVII.

Outro destacado vástago desta casa será o fillo natural do capitán Miguel de Vllar, chamado D. Alonso de Villar<sup>2</sup> que foi, entre outras, Colexial en Fonseca, Catedrático de Instituta, Bacharel en Cánones, Licenciado en Leis, Catedrático de Vísperas, Rector do Colexio de Fonseca, e a de Provisor en León, entre outras.

Vemos entón, que esta familia estaba ben relacionada, non resulta pois extraño que deixaran a súa pegada, tanto na pedra de armas que encargaron para a súa casa de morada, como na igrexa da Pedra, onde recibiron sepultura.

O emparentar as casas de Barreiros e da Cerca, continuaron con esa tradición, e os cargos de familiares do Sto.. Oficio pasaron a ocupalos os vinculeiros desta última.

1 *La ría de la vª de Santa Marta a vte. Y quatro días del mes de julio de myll y seiscientos y un año en prª de my Bartolomé pardo de cela sargento mor. En el distrito y partido de la vª y condado de Santa Marta y bibero por el rrey nº señor fue a besitar y bisito cumpliendo con la orden que pª ello tiene del señor gobernador capitán deste rreyno un nabio estranxero que al prste. Esta surto en la rria desta dba vª que por su nombre dixerón llamarse la maria de (roto) este y riembro natural del lugar de san xil reyno de francia en el qual allo benyan cinco ombres y no allo otras cosas nel el qual dicho maestre dixo benya drcho. De su tierra con ciertas mercadorias que descargo en esta dba. vª y el dbo. sarxento mor. Mando a my escrno. Que si el dbo maestre quisiere un treslado de sinal desta dba. besita se lo de sinado y en pca. Forma y en manera que aga fe por sus dchos. debidos y ansi condo. E firmo a lo qual fue tgo. Aº martiz el nuevo vz de la dba vª. Sig-nado da man de Bme. Pardo de Cela e de Simón Ares escribano.*  
Protocolo de Simón Ares de Mourelle, fol 190, Ano 1615. Protocolos Not. de Ortigueira. Arq. Not. Coruña.

2 Los Colegiales de Fonseca. Antonio Fraguas Fraguas. Edit. Por C.S.I.C. I. P. Sarmiento de Estudiso Gallegos. Cuaderno de Est. Gallegos Anejo XII. Santiago de Compostela 1958. páx 165. doc 159


A tradición popular sitúa na Pedra, no lugar do campanario, un terrible edificio onde a Inquisición torturaban ós veciños que incumpraran algún deber, e que alí emparedaran e torturaban á xente. A verdade documentada non deixa lugar a dúbidas de que nin tiñan este tipo de atribucións, nin o edificio en cuestión foi empregado para esas labores. O único que sabemos é o que queda dito.

Soamente atopamos unha denuncia por bruxería no ano 1614, feita á unha tal María, muller dun veciño da Pedra, chamado Alonso de Miranda<sup>3</sup> o que precisou a intervención da Xustiza Ordinaria de Ortigueira: “que contra la dha. Mi mujer hico la Justicia de Ortigueira sobre decir ser bruxa y echicera y otras cosas...”, así como tamén un expediente da Inquisición feito ben entrado o século XVII, e iso foi en San Claudio, debido a unha denuncia falsa dun veciño, e de momento nada máis, en ámbolos dous casos resoltas sen ter noticias de torturas. A tradición popular non sempre resulta fiable, como é o presente caso. Da revisión do frete dos navíos, aparte dalgunha mercadoría de contrabando, non saía nada máis.


Pois ben, xustificada a aparición das armas da Inquisición nas labras heráldicas da casa de Barreiros (que as tomaron no século XVII), pasemos a documentar xenealóxicamente o presente traballo.

**Fundadores do vínculo da casa de Barreiros na Parroquia de Santa María da Pedra no século XVI.** Datos aportados polo Capitán Matheo Sánchez Pardo de Lama no século XVII, custodiados nos Arquivos das Casas de Tras do Río, e do Souto, nas parroquias de San Claudio e Santiago de Mera, respectivamente, completados cos libros sacramentais das sucesivas parroquias que se van mencionando. ( += Defunción; M= matrimonio; B= bautismo; Tto= Testamento) depositados no Arquivo Diocesano de Mondoñedo, así como cos testamentos de varios dos persoeiros aquí citados, dos cales conservo, ou ben o orixinal ou ben unha copia).


<sup>3</sup> Protocolo de Antonio López de Montenegro, páx. 83. Prot. de Ortigueira. Arq.. Not. de A Coruña




Árbore 1.- Antepasados, e descendencia do escribano Alonso de Villar




## Árbore 2. Descendencia do 2º matrimonio de Alonso de Villar



## Árbore 4.- Descendencia natural do capitán Miguel de Villar. Lexitimada polo Rei.




## Árbore 5.- Casa de Barreiros. Descendencia lexítima do capitán Miguel de Villar





Árbore 6.- Descendencia de Diego de Herrera y Montes de Guzmán e de Isabel de Vivero. Fundadores da sepulturas da casa da Cerca.



### **Descrición, antigüedad, e armas do apelido Herrera. As sepulturas da casa da Cerca.**

Do liñaxe dos Herrera sabemos que é un antigo e nobre apelido castelán, que descenden do Meiriño Maior de Castela, chamado García González de Herrera, quen viviu en tempos do rei Fernando III.

O apelido Herrera e Guzmán, ou Guzmán de Herrera, formouse ó matrimoniar o Mariscal de Castela García González de Herrera con D<sup>a</sup> María de Guzmán, quenes faleceron nos anos 1.409, e 1416, respectivamente.

O apelido trae por armas: En campo de gules ( cor vermello), dúas caldeiras de ouro faxadas de gules; bordura de gules con doce caldeiras de ouro.

Velaí a explicación das armas da casa da Cerca, da que tamén sabemos como pasaron a esta familia, e que de seguido se explica.

No protocolo do notario Domingo Rodríguez, do ano 1639, ó folio 62, aparece escrito o acordo de cesión dunha sepultura, acordo do que se transcribe o máis interesante: *“Sepase por esta publica escritura como yo Catalina de Andrade dueña viuda que finque de Andrés de Oriona mi*

*marido difunto vecina de la feligresia de San Cosme de Piñeiro digo que yo tengo aficion y boluntad a Alonso de Billar que esta presente vecino del puerto de cariño condado de Santa Marta por lo qual y otras causas justas que me mueven por la vía y remedio que mas firme sea libre y espontaneamente otorgo y conozco por esta presente carta que le ago gracia y donacion entre vivos mera, perfecta yrrevocable de una sepultura que tengo dentro de la iglesia de Santa María da Pedra en la capilla mayor della con su piedra de cantería y escudo de armas que son las de los freiles y andrades y otras mas, y lo mesmo de un puesto y asiento que esta debaxo del arco de la capilla maior a la mano yzquierda al. Entrar que topa por una punta en otro asiento del capitán Miguel de Billar y con el altar de nuestra señora sigue de frente del otro altar colateral que llaman del santo Xpo., segun me pertenece por herencia de Beatriz de Andrade mi madre y de Diego de Herrera Monte de Guzman e Ysabel de Vivero mis abuelos difuntos y otros derechos en cuya virtud estoy quieta y pacifica poseedora...”*

Arquivo Notarial da Coruña- Protocolos dos Notarios de Ortigueira. Documento achegado por D. Rafael Usero González.

As armas ás que se fai alusión son as que están sobre o lintel da porta de entrada á casa da Cerca, onde ademais das dos Guzmán de Herrera, aparecen o M coroado dos Montenegro, e a banda dos Freire de Andrade.

O que recibe a doazón da sepultura e o capitán Alonso de Villar e Serantes, quen tempo andando será sogro do primeiro vinculeiro da casa da cerca pasando así a sepultura coas armas descritas á citada casa ( ver árbore 9).

No testamento de D. Andrés Ignacio Sanjurjo de Montenegro ( 2º vinculeiro) chámase ás dúas sepulturas que ten dotadas na capela maior da igrexa da Pedra: *“que mi cuerpo sea entrado en la yglesia de Sta. María de la Piedra donde soy vecino, en una de las dos sepulturas que en élla tengo, y estuviere mas desocupada que la una esta en la Capilla Maior al. Lado del evangelio, y la otra delante del altar de Nuestra Señora del Rosario, pertenecientes a esta casa y su mayorazgo, que así es mi voluntad...”*

(Prot. do escibano Valentín Pose de Riobó. Fol 55 e ss.. Arquivo Not. da Coruña. Protocolos Not. de Ortigueira)

Sabemos polo codexilio de Ares Pardo Das Mariñas, feito o 19 de setembro do ano 1537, que Juan Guzmán de Herrera<sup>4</sup> estaba de Correxí-


dor en Betanzos por esa época; onde tamén figura un Diego de Herrera como testemuña, pero, de momento non coñecemos a relación deste personaxe ca parroquia da Pedra, poida que sexa o mesmo, ou, que se trate dalgún descendente, ou familiar. Da súa dona tampouco temos datos concretos, o único que sabemos, que nos achegue á Pedra, e que Juan de Vivero foi Alcalde e Xustiza Maior de Ortigueira a finais do século XVI.

Non obstante, debido ós cargos que ocuparon os descendentes desta familia, como alcaldes da cidade da Coruña, ó longo do século XVI, pode que co paso do tempo poidamos aclarar este punto, sabendo como sabemos que a defensa das costas do Ortegal era un motivo de interese. Os Vivero levan as ortigas como divisa, concretamente dúas matas con cinco follas cada unha, no medio de tres aguillóns. Os Faxardo, por exemplo levan as ortigas e os aguillóns, pero con sete follas cada en mata.


Os da casa de Lama, e os Díaz de Santa Marta, tamén as representan, pero en ocasións aparecen: con cinco follas, con sete, e noutras con tres; se ben isto pódese atribuír a un despiste, ou ó descoñecemento do canteiro que labrou as pedras armeiras, ou tamén de quen ás encargaba.

Descendencia de Vasco Pérez de Vivero. Alcalde da Coruña polos Reis Católicos ( 13-VIII-1478) Datos: A.G.S. CC 766. 1-XII-1595. Entre parénteses as datas nas que exercían de Alcaldes na Coruña.


4 Vaamonde Lores, Cesar, *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes. (Apuntes históricos y Genealógicos)*, páx 176.




Árbore 7.- Entronque da Casa de Montenegro en Vilalba. Cos antepasados da casa da Cerca. Chegada a S. Xiao do Ermo no século XVI.




Árbore 8.- Casa da Cerca - Continuación.




Árbore 9 casa da Cerca. Entronque dos Díaz de Piñeiro, de San Claudio, cos Villar e Serantes.




Arbore 10.- Casa da Cerca (continuación)



Árbore 10.1.- Entronque das Casas de Ventosa, en Cedeira, ca dos Barreiros, en San Claudio.




Árbore 10.2.- Enlace das Casas do Souto de Santiago de Mera, e da Cerca.





Árbore 10.3.- Antepasados de D<sup>a</sup> Gertrudis Basoa de Tordesillas.



Árbore 11. Casa da Cerca e Barreiros de Baixo, en San Claudio. Do século XIX ó XX. ( Datos do árbore 11: Torres Pazos y Linajes de la provincia de La Coruña. D. Carlos Martínez Barbeito. Edt. Everest 1986. páx. 196.)

